



ANTROPOLOXÍA 1º BACHARELATO

DEPARTAMENTO DE FILOSOFÍA Carga horaria: 3h.

CONCEPTO: Formulamos algunhas das preguntas que poden suscitar o interese e a necesidade de estudar Antropoloxía. Hai moitas máis, pero **párate nalgunha**. En todo caso a Antropoloxía cultural é unha disciplina moi recente que xorde cando occidente deixa de considerarse o centro do mundo civilizado e irrompe @ outr@ para recoñecernos por medio da súa presenza sempre diferente.

A materia desenvolverase mediante cuestións o preguntas que lle dará sentido aos **contidos**:

Cabe diferenciar dúas vertentes:

1- A ANTROPOLOXÍA BIOLÓXICA dende a relación natureza-cultura: A especie do homo sapiens é resultado dun proceso que chega aos nosos días e segue o seu curso, porén:

- a) Como xurdiu o xénero homo?
- b) Por que a condición do homo vai unida á arte?
- c) Por que hai diferentes razas?
- d) Somos a especie máis intelixente de todas as que existen?
- e) Foi o pensamento anterior á linguaxe?
- f) En que consisten a hominización e a humanización?
- g) Que ten que ver a técnica e a construción de ferramentas coa nosa especie?
- h) Foi a historia sempre un lugar de desigualdade e loita?
- i) Depende aínda o ser humano da natureza para existir?

2- ANTROPOLOXÍA CULTURAL: A realidade do pensamento único e da economía planetaria, depredadora do medio, esperta en nós paradoxos que nos fan pensar grazas a presenza dos que son diferentes. Aquí aprenderás a responder cuestións tan fascinantes como estas:

- a) Posuímos os denominados seres humanos unha natureza común?
- b) Que queda sen a cultura que nos modela e as súas etiquetas?
- c) É o ser humano un produto histórico en cada época?
- d) É o xénero unha construción? E o sexo?
- e) Podemos falar de culturas primitivas ou atrasadas dende a nosa como superior.
- f) Como se relaciona o feminismo co coidado das sementes?
- g) Que é a intelixencia artificial fronte á natural?
- h) Que son os símbolos?
- i) Toda cultura é necesariamente represiva?
- j) Alguén che preguntou se queres ser educado?
- k) Podemos aprender de outras culturas outra relación coa natureza?
- l) Debe preservarse o dereito dos pobos amazónicos a permanecer sen ser contactados?
- m) En todas as culturas hai individuos libres?
- n) Pódese vivir sen cartos?
- o) Por que unhas persoas teñen máis poder ca outras?
- p) Como se explica a cultura que nos arrodea dende o modo de ser galego?
- q) É posible o diálogo e entendemento entre as culturas?



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE
IES Félix Muriel



Rúa María Ana Mogas Nº1
15920 RIANXO
Tlf: 881 86 66 46
ies.felix.muriel@edu.xunta.gal

FORMA DE AVALIACIÓN

A materia adopta unha metodoloxía práctica; parte de proxectos e nós temáticos e incorpora actividades tanto na aula como no exterior que inclúen achegas de especialistas e traballos de campo e investigacións. Tamén lecturas e recursos da rede. As cualificacións terán en conta unha un desenvolvemento competencial global.